

# CONCELLO DE XOVE

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 23 DE DECEMBRO 2013.

### **ASISTENTES:**

#### **Alcalde-Presidente:**

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

#### **Concelleiros:**

D<sup>a</sup> Ana María Abad López

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dolores Meitin Guerreiro

D<sup>a</sup> Cristina Iglesias Guerreiro

D. José Manuel Balseiro Canoura

D. Marco López López

D. José Manuel López Hermida

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Rosario Balseiro López

D. Leandro Quelle Franco

D. Manuel Angel Meitin Rouco

#### **Ausente:**

D. Alberto Santos Vázquez

#### **Secretario:**

D. Luís M. Fernández del Olmo

#### **Interventora:**

D<sup>a</sup> Elena Santos Rey

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dezaioito horas e trinta minutos do día vintetrés de decembro de dous mil trece, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos señores Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión ordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

### **1º.- APROBACIÓN DOS BORRADORES DAS ACTAS**

#### **CORRESPONDENTES Á SESIÓN PLENARIA DE**

#### **DATA 7 DE OUTUBRO E 21 DE NOVEMBRO DE**

#### **2013. ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Seguidamente, polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntouse ós asistentes se tiñan algunha obxección que formular ós

borradores das actas das sesións plenarias de data 7 de outubro e 21 de novembro de 2013.

Non habendo obxeccións, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acorda aproba-los borradores das actas das sesións plenarias de data 7 de outubro e 21 de novembro de 2013.

### **2º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, INSTANDO Á CREACIÓN DUN**

#### **VERDADEIRO SERVIZO DE ONCOLOXÍA NO HOSPITAL DA COSTA. ADOPCIÓN**

#### **DE ACORDO.**

Polo Sr. López López dáse lectura íntegra e explícanse os aspectos máis salientables da moción do epígrafe que se transcribe integramente:

Marco López López, concelleiro-portavoz do Grupo Municipal do BNG na Corporación Municipal de Xove, ao abeiro da lexislación vixente presenta a moción que segue para o seu debate plenario:

#### **MOCIÓN PARA ESIXIR Á XUNTA DE GALIZA A CONCRECIÓN DUN VERDADEIRO SERVIZO DE ONCOLOXÍA NO HOSPITAL DA COSTA.- EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.**

*No pasado pleno ordinario do 07/10/2013 o grupo municipal popular presentou en Xove unha moción tipo que se correspondía cunha campaña dirixida dende a dirección provincial do PP para instar en todos os concellos da Mariña unha iniciativa relativa á atención e tratamento de pacientes oncolóxicos, tras aprobaren o Decreto de Xestión Integrada que deriva á capital da provincia as competencias de xestión das áreas sanitarias de Monforte e A Mariña. Unha*

*derivación que o PP sempre negou por activa e por pasiva, incluso botando man de panfletos que se repartiron baixo o título de “A VERDADE SOBRE A SANIDADE DA MARIÑA” nos que se recollía por escrito o compromiso da Xunta de garantir a “continuidade e total autonomía da Área Sanitaria da Mariña” e no que aparecían manifestacións de Alberto Núñez Feijóo vertidas o 04/10/2009 na Festa da Faba de Lourenzá nas que aseguraba literalmente que: “O Hospital de Burela desfrutará dunha autonomía total, non vai depender para nada de Lugo”.*

*Aínda así, e a pesar de sermos conscientes de que estarmos asistindo de novo a unha campaña de propaganda tras os continuos recortes orzamentarios e a perda na Mariña de tres prazas de facultativos en Cervo, Xove e Ribadeo; no noso caso, e en relación ao Hospital da Costa, a moción foi aprobada por unanimidade dos membros asistentes á devandita sesión ordinaria.*

*Nese mesmo debate plenario, o grupo municipal nacionalista presentou unha proposta de resolución de engadido respecto á moción do PP por considerar que a proposta de acordo non concretaba de xeito claro o compromiso da corporación municipal de Xove cos doentes oncolóxicos. O Alcalde-Presidente respondeu literalmente: “Que, se ben, parte do engadido proposto polo BNG é perfectamente asumible, xa que de feito algunhas das peticións xa están a ser atendidas polo Sergas como o caso da Unidade de Coidados Paliativos, ou a posta en marcha do programa de hospitalización domiciliaria, outra parte do contido da proposta de engadido é de tal magnitude que sería mellor que se plantexara como unha moción independente”.*

*O concelleiro-portavoz do grupo municipal nacionalista accedeu á petición da alcaldía e é por iso que, coa intención de concretar esta iniciativa dun servizo de oncoloxía no Hospital de Burela, e para non crear falsas expectativas e xogar coa sensibilidade da cidadanía nunha doenza tan grave coma o cancro, solicitamos do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO:*

- *1.- Instar a Xunta de Galiza para a creación na Mariña dun Hospital Oncolóxico de Día coa dotación de medios persoais e materiais, e mais dun espazo físico que permita a atención integral dos doentes. Tamén se establecerá unha Unidade de Coidados Paliativos e Hospitalización a Domicilio con recursos humanos, materiais e parque móbil suficiente que permita atender a veciñanza de todos os concellos da área sanitaria da Mariña.*
- *2.- Reclamar da Xunta de Galiza a posta en funcionamento do Servizo de Radioterapia no HULA (Hospital Universitario Lucus Augusti) e así evitar desprazamentos a outras provincias.*
- *3.- Dar traslado deste acordo ao presidente da Xunta e aos portavoces de todos os grupos políticos do Parlamento galego.*

*Aberto o debate, polo Sr. Alcalde manifesta que o seu grupo non ten inconvincente ningún en dar o seu voto favorable.*

*Rematado o debate, a Corporación por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acorda aproba-la moción do epígrafe anteriormente transcrita.*

**3º.- INFORME DE INTERVENCIÓN DO CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE E DO LÍMITE DE DÉBEDA NO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2013. DAR CONTA.**

Pola Interventora Municipal dáse conta á Corporación do informe do epígrafe.

O Pleno Corporativo dáse por enterado.

**4º.- PROPOSTA DE ALCALDÍA RELATIVA Á RENUNCIA DE CREACIÓN DUNHA EMISORA DE RADIO MUNICIPAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Por Secretaría dáse conta ó pleno corporativo da proposta de Alcaldía do epígrafe que a seguir se transcribe integramente:

*“Pola Alcaldía-Presidencia deste Concello á vista do expediente tramitado a partir do ano 1997 para a creación e posta en marcha dunha emisora de radio municipal.*

*Considerando que neste intre dito servizo non constitúe unha necesidade real para o conxunto dos veciños de Xove.*

*Considerando igualmente a necesidade de deixar de abonar as taxas que corresponden pola ocupación do dominio público radioeléctrico.*

*Polo presente PROPÓNSE:*

*Renunciar expresamente á creación dunha emisora de radio municipal aos efectos do disposto no art. 24 Decreto 102/2012, do 29 de marzo; e dar traslado da devandita renuncia á Secretaria Xeral de Medios da Xunta para que pola súa banda a envíe á Secretaría de Estado de Telecomunicaciones e á Sociedad de la Información del Ministerio de Industria áos efectos da constancia da renuncia de ocupación do dominio público radioeléctrico e deixar de abonar as taxas de aplicación.”*

Enterado, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acorda aproba-la proposta de Alcaldía do epígrafe, anteriormente transcrita.

**5º.- ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO DE 2014. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Por Secretaría dase conta ó Concello Pleno do ditame da Comisión Informativa de Contas celebrada con data 19 de decembro de 2013, que a seguir se transcribe:

*1º.- INFORME DO EXPEDIENTE DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO DE 2014 QUE INCLÚE:*

- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE XOVE PARA O EXERCICIO DE 2014 POR UN IMPORTE NIVELADO DE GASTOS E INGRESOS DE 6.104.000,00 €*
- APROBACIÓN DO CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE XOVE.*
- APROBACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL.*
- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE CUMPRIMENTO DA ESTABILIDADE ORZAMENTARIA DO PROXECTO DE ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO DE 2014 E DO CUMPRIMENTO DA REGLA DE GASTO.*

*Por Secretaría dáse conta á Comisión da Proposta de Alcaldía obrante no expediente que a seguir se transcribe integramente:*

*“Tendo sido formado por esta Presidencia o Orzamento Xeral do Concello para o exercicio económico de 2.014, cos base nos Orzamentos e Estados de Previsión a que fai referencia o artigo 168.4 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, unha vez informado pola Interventora Municipal, remítase ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Especial de Contas, en unión dos anexos e documentación a que fai referencia o citado artigo 168.4 e o 166 do mesmo texto legal, para a adopción do seguinte ACORDO:*

*PRIMEIRO.- Aprobar o Orzamento Xeral para o exercicio de 2014 que ascende, nivelado en gastos e ingresos á contía de 6.104.000,00 euros e está integrado unicamente polo Orzamento do Concello de Xove, e coa documentación anexa e complementaria á cal se fai referencia e que se une ao expediente.*

*SEGUNDO. - Aprobar o Cadro de Persoal do Concello de Xove, tanto de funcionarios como de persoal laboral, segundo figura no expediente confeccionado ao efecto polo Servizo de Persoal.*

*TERCEIRO. - Aprobar as Bases de Execución do Orzamento.*

*CUARTO .- Dispor a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao público no B.O.P., todo iso aos efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado se durante o citado periodo non se presentasen reclamacións; caso contrario, o Pleno disporá do prazo de un mes para resolvelas.*

*QUINTO.- Remitir copia do expediente orzamentario ao Ministerio de Economía e Facenda así como ao órgano competente da Xunta de Galicia.”*

*Aberto o debate polo Sr. Alcalde Presidente, e maila Interventora Municipal explícanse os aspectos máis salientables do proxecto de orzamentos é en especial o que se refire ao anexo de inversións.*

*Enterada a Comisión cos votos favorables dos Sres. Salgueiro Rapa, Quelle Franco, Abad López e Meitin Guerreiro, acorda informar favorablemente a aprobación polo Pleno Corporativo da proposta de Alcaldía anteriormente transcrita.*

*Os Srs. López López e Vázquez Santos manifestan que se pronunciarán no pleno.*

*Aberto o debate, polo Sr. Alcalde-Presidente reitéranse as manifestacións efectuadas na sesión da Comisión Especial de Contas, sinalando que co orzamento previsto para 2014, nun tempo de crise,*

Xove segue a ser un referente en materia de prestación de Servizos Sociais, e por outra banda, acádase un importante nivel inversor.

Polo Sr. López López manifestase en primeiro lugar á súa felicitación os funcionarios municipais, fundamentalmente á Interventora Municipal, polo traballo realizado na elaboración destas contas, engadindo que deixando aparte as cuestións técnico xurídicas, desde un punto de vista político, o BNG non pode aprobar estes presupostos, xa que os mesmos, dunha banda incumpren a regra de gasto, e doutra banda, reflicten con toda claridade a política de recortes, imitando a seguida no ámbito estatal e autonómico polo Partido Popular, sen que ese esforzo que se esixe ós cidadáns se vexa reflectido nas retribucións que están a cobrar os membros do Grupo de Goberno.

Remata a súa intervención o Sr. López López, sinalando que o incumprimento da regra de gasto, se ben pódese considerar como unha cuestión menor, non o é tanto se temos en conta que o Partido Popular sempre ten posto por diante o cumprimento estrito e rigoroso da Lei, para xustificar a súa política de recortes.

Polo Sr. Alcalde manifestase que é necesario lembrar que estamos a examinar os orzamentos municipais, razón pola cal non ten moito sentido referirse continuamente a políticas estatais e/ou autonómicas.

Remata a súa intervención o Sr. Alcalde, sinalando que a opción de incumprir a regra de gasto é unha opción perfectamente legal, sempre que se confeccione o correspondente plano financeiro.

Rematado o Concello Pleno cos votos favorables dos Sres. Salgueiro Rapa, Quelle Franco, Abad López, Meitin Guerreiro, Iglesias Guerreiro, Balseiro Canoura, Balseiro López, e Meitin Rouco e co voto en contra dos Sres. López López e López Hermida, acorda aproba-lo dictame informado favorablemente pola Comisión Especial de Contas na súa sesión de data 19 de decembro de 2013 e na súa consecuencia:

- **PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral para o exercicio de 2014 que ascende, nivelado en gastos e ingresos á contía de 6.104.000,00 euros e está integrado unicamente polo Orzamento do Concello de Xove, e coa documentación anexa e complementaria á cal se fai referencia e que se une ao expediente.
- **SEGUNDO.** - Aprobar o Cadro de Persoal do Concello de Xove, tanto de funcionarios como de persoal laboral, segundo figura no expediente confeccionado ao efecto polo Servizo de Persoal.
- **TERCEIRO.** - Aprobar as Bases de Execución do Orzamento.
- **CUARTO .-** Dispor a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao público no B.O.P., todo iso aos efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado se

durante o citado período non se presentasen reclamacións; caso contrario, o Pleno disporá do prazo de un mes para resolvelas.

- QUINTO.- Remitir copia do expediente orzamentario ao Ministerio de Economía e Facenda así como ao órgano competente da Xunta de Galicia.”

*Fora da orde do día da sesión, o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros asistentes ás sesión, ó abeiro do disposto no artigo 91.4 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, acordou entrar no debate e votación do seguinte asunto:*

**6º.- PROPOSTA DE ALCALDÍA DE MODIFICACION DA ORDENANZA FISCAL REGULAMENTADORA DA TAXA POLA SUBMINISTRACION DE AUGA INCLUIDOS OS DEREITOS DE ENGANCHE, COLOCACIÓN E UTILIZACIÓN DE CONTADORES. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Por Secretaría dáse conta da proposta do epígrafe que a seguir se transcribe integramente:

*“D. Demetrio Salgueiro Rapa, Alcalde-Presidente do Concello de Xove, no uso das facultades que me son conferidas polo artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,*

*VISTO que con data 8 de abril de 2013 o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros aprobou a modificación da Ordenanza Reguladora da Taxa pola prestación do servizo de distribución de auga, incluídos os dereitos de enganche e colocación e utilización de contadores.*

*VISTO que o único obxectivo da devandita modificación era modifica-lo período impositivo – pasar de bimestral a trimestral – a prol dunha meirande eficiencia na xestión da taxa sen que en ningún caso se produxese unha suba tributaria .*

*TENDO en conta que a modificación aprobada ao modificar unicamente os importes ( para o seu acomodo ao novo período impositivo ) sen modifica-los tramos de consumo ten provocado na práctica unha suba absolutamente disparatada e desde logo non querida.*

*Pola presente, a prol de rectifica-los erros detectados e solucionar os problemas enunciados acadando o obxectivo de mellora-la xestión administrativa da taxa sen provocar ningún tipo de incremento da carga fiscal propoño ó Concello Pleno a aprobación da modificación do artigo 6.1 letra A) da Ordenanza Reguladora da Taxa pola prestación do servizo de distribución de auga, incluídos os dereitos de enganche e colocación e utilización de contadores do seguinte xeito:*

**A. CONSUMOS**

<u>TARIFAS</u>	<u>IMPORTE/TRIMESTRE</u>
<b>Tarifa T1. Subministración para uso doméstico</b>	
Cuota de mantemento	1,20 €
Primeiros 75 metros cúbicos de consumo	0,20 €/M <sup>3</sup>
De 76 a 150 metros cúbicos de consumo	0,40 €/ M <sup>3</sup>
De 151 a 300 metros cúbicos de consumo	0,60 €/ M <sup>3</sup>
Máis de 300 metros cúbicos de consumo	0,80 €/ M <sup>3</sup>

<b>Tarifa T2. Subministración de auga provisional para obras</b>	
<i>Cuota de mantemento</i>	2,40 €
<i>Primeiros 75 metros cúbicos de consumo</i>	0,40 €/ M <sup>3</sup>
<i>De 76 a 150 metros cúbicos de consumo</i>	0,80 €/ M <sup>3</sup>
<i>De 151 a 300 metros cúbicos de consumo</i>	1,20 €/ M <sup>3</sup>
<i>Máis de 300 metros cúbicos de consumo</i>	1,60 €/ M <sup>3</sup>
<b>Tarifa T3. Subministración para usos comerciais, industriais ou agropecuarios</b>	
<i>Cuota de mantemento</i>	1,20 €
<i>Primeiros 75 metros cúbicos de consumo</i>	0,20 €/ M <sup>3</sup>
<i>De 76 a 150 metros cúbicos de consumo</i>	0,40 €/ M <sup>3</sup>
<i>De 151 a 300 metros cúbicos de consumo</i>	0,60 €/ M <sup>3</sup>
<i>Máis de 300 metros cúbicos de consumo</i>	1,00 €/ M <sup>3</sup>
<b>Tarifa T4. Subministración para organismos oficiais ou entidades prestadoras de servizos sociais e asistenciais</b>	
<i>Cuota de mantemento</i>	1,20 €
<i>Primeiros 75 metros cúbicos de consumo</i>	0,20 €/ M <sup>3</sup>
<i>De 76 a 150 metros cúbicos de consumo</i>	0,40 €/ M <sup>3</sup>
<i>De 151 a 300 metros cúbicos de consumo</i>	0,60 €/ M <sup>3</sup>
<i>Máis de 300 metros cúbicos de consumo</i>	0,80 €/ M <sup>3</sup>

Enterado, o Concello Pleno por unanimidade dos membros asistentes á sesión, acorda aprobar inicialmente a modificación reflectida na proposta de Alcaldía transcrita da Ordenanza Fiscal Regulamentadora da Taxa pola Subministración de Auga, incluídos os dereitos de enganche, colocación e utilización de contadores e sometela ó preceptivo trámite de información pública por prazo de 30 días hábiles, mediante anuncio a publicar no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e no taboeiro municipal de anuncios, sinalándose expresamente que no suposto de non presentarse alegacións e/ou reclamacións no trámite de información pública, o presente acordo entenderase elevado automaticamente a definitivo.

*Fora da orde do día da sesión, o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros asistentes ás sesión, ó abeiro do disposto no artigo 91.4 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, acordou entrar no debate e votación do seguinte asunto:*

### **7.- III PLAN MUNICIPAL PARA A IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES DO CONCELLO DE XOVE 2014-2017 (EXPEDIENTE SI435A 2013/09).**

Por Secretaría dáse conta ó Pleno Corporativo do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, con data 19 de decembro de 2013, obrante no expediente.

Enterado, o concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda ratificar o acordo da Xunta de Goberno Local anteriormente citado, e na súa consecuencia aproba-lo III Plan Municipal para a Igualdade entre Mulleres e Homes do Concello de Xove 2014-2017 (Expediente SI435A 2013/09).

**8º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Neste punto non se produciron intervencións.

E sen mais asuntos que tratar, sendo as vinte horas e trinta minutos, levantase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que como Secretario, dou fé.

**O ALCALDE,**

**O SECRETARIO,**

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo: Luís María Fernández del Olmo

